



Datos Do Expediente:

COMEDORES ESCOLARES	
Unidade Tramitadora:	
Ensino e Bibliotecas - MCCF	
Número expediente:	Documento:
ENS/29/2019	ENS13S016
0S3R0G5C5F4B256P00D2	

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PUBLICA DE CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE COMEDOR PARA ALUMNADO DE CENTROS DOCENTES CONCERTADOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE NARÓN, PARA O CURSO ESCOLAR 2019-2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I-

A Constitución Española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG)

De acordo coa nova redacción do art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *"avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social"*, servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (art. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL).

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3). Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *"continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais"*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais *"continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu*

traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela (Disposicións adicionais 1ª e 4ª da Lei 5/2014).

-II-

No eido da normativa sectorial, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións Locais a creación e xestión dos servizos sociocomunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias, e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e exclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, novas etnoloxías, etc.

O artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

A LOE establece no seu art. 107 o réxime xurídico dos centros docentes que ofrezan ensinanzas reguladas, e dentro destas ensinanzas reguladas, atópanse as que ofrecen os centros privados concertados.

O art. 108.4 da LOE establece que a prestación do servizo público da educación realízase a través dos centros públicos e privados concertados, e o art. 108.5 establece que os centros docentes orientarán a súa actividade á consecución dos principios e fins da educación establecidos na LOE.

Pola súa parte, a LOMCE, no seu art. 116, sobre os concertos, establece no punto 1 que os centros privados que ofrezan ensinanzas declaradas gratuítas nesta Lei e satisfagan necesidades de escolarización, no marco do disposto nos art. 108 e 109, poderán acollerse ao réxime de concertos nos termos legalmente establecidos, sen que a elección do centro por razón do seu carácter propio poida representar para as familias, alumnos e alumnas e centros un trato menos favorable, nin unha desvantaxe, á hora de subscribir concertos coas Administracións educativas ou en calquera outro aspecto.

-III-

O programa de axudas municipais escolares de comedor, leva facéndose no Concello de Narón dende hai mais de once anos, baixo a denominación de axudas para comedor, observándose un crecemento da demanda. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes privados concertados, que non están subvencionados pola Administración Autonómica, empadroados e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes de Narón.

Por isto, promóvese a concesión de axudas municipais de comedores escolares, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto

887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de Execución do orzamento municipal, e demais normativa de aplicación.

Artigo 1.- Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas económicas para comedor escolar, ás familias dos/as alumnos/as escolarizados en centros docentes concertados sostidos con fondos públicos, de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e secundaria obrigatoria, sitos no termo municipal de Narón, para o curso escolar 2019-2020.

As axudas para comedor escolar van dirixidas a familias con menores, con dificultades socioeconómicas e dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das subvencións é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

As axudas económicas irán destinadas a sufragar o custo do comedor escolar, durante o curso escolar 2019-2020, para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2º ciclo), Educación Primaria e Educación Secundaria obrigatoria, polos seguintes conceptos:

- a) Respecto da contratación do servizo de comedor por parte das entidades colaboradoras: o coste diario do servizo por comensal e polos días de asistencia deste ao comedor, entendido como o servizo de comida ao mediodía, así como, no seu caso, á vixilancia e coidado do alumnado durante o uso do servizo do comedor e desenvolvemento do programa de Educación para a Saúde-Nutrición Escolar e de conciliación da vida familiar.
- b) Respecto da cobertura de realización da actividade: os gastos ocasionados pola contratación por parte das entidades colaboradoras, de pólizas de seguros vinculadas directamente á prestación do servizo de comedor escolar.

Artigo 2.- Réxime de compatibilidade

Estas axudas serán incompatibles coas bolsas de comedor escolar da Xunta de Galicia ou con calquera outra, sexa de organismos públicos ou privados, para o mesmo fin.

Será incompatible a concesión doutra subvención para o mesmo obxecto por outra área ou concellería do Concello de Narón.

Artigo 3.- Procedemento de concesión

A concesión destas axudas efectuarase en réxime de concorrencia competitiva con subxección ao procedemento establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, no Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón, e no que non estea contemplado nestes textos serán de aplicación as normas contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, no R.D. 887/2006 regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Artigo 4.- Aplicación orzamentaria e contía total da mesma

Para a concesión destas axudas se destinará un importe máximo de 28.000,00 €, que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.48002 do seguinte xeito:

- Período setembro de 2019 a decembro de 2019: 11.200,00 €
- Período xaneiro de 2020 a xuño de 2020: 16.800,00 €

Artigo 5.- Destinatarios e requisitos xerais

Destinatarios/as:

Son destinatarios/as destas axudas, as familias empadroadas en Narón, con fillos/as matriculados/as nos centros docentes concertados sostidos con fondos públicos, que imparten os niveis de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria, sitos no termo municipal de Narón, que vaian facer uso do servizo de comedor.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas:

- As familias empadroadas en Narón que teñan os/as seus/súas fillos/as matriculados/as en centros docentes sitos fóra do termo municipal.
- As familias que teñan débedas co Estado, Comunidade Autónoma, Concello de Narón e coa Seguridade Social.
- As familias nas que a unidade de convivencia supere o límite de ingresos anuais establecidos na táboa do apartado "Criterios de concesión".
- As familias que non fagan uso do servizo de comedor, como mínimo, a metade dos días lectivos solicitados do mesmo mes.

Requisitos xerais:

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario das axudas, os seguintes:

- Que a unidade familiar de convivencia resida e estea empadroada no Concello de Narón (a comprobación farase polo propio Servizo Sociocomunitario)
- Convivir cos/cas alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas.
- Débase contar con praza no centro, e mantela, de non ser así, aínda que se conceda a axuda, non se fará efectiva.
- Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non supere o establecido no artigo 7.
- Facer uso do servizo de comedor, como mínimo, a metade dos días lectivos solicitados do mesmo mes.

O requisito f) terase en conta a partires da data de notificación da resolución de concesión da axuda.

De acordo co establecido no art. 14.1.k da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os/as beneficiarios/as estarán obrigados/as a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Administración no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Excepcionalmente, e previo informe emitido polo persoal técnico dos Servizos Sociais municipais, poderanse considerar outras situacións sempre e cando a obtención da axuda sexa en beneficio dos/as menores da unidade familiar, ou consecuencia dun proxecto de intervención coa familia solicitante. Esta excepción será aplicable tamén ás axudas por causa sobrevida recollidas no art. 12 destas bases.

Artigo 6.- Entidades colaboradoras

Serán entidades colaboradoras os centros docentes concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria e educación secundaria obrigatoria do Concello de Narón, as asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais destes centros educativos, que xestionen directamente o servizo de comedor, así coma as empresas de catering que presten o servizo.

Son deberes das entidades colaboradoras:

- Cubrir e asinar debidamente a aceptación como entidade colaboradora na xestión de axudas de comedor.
- Garantir o servizo de comedor.

Os centros docentes, as asociacións, federacións ou confederacións de nais e pais dos centros educativos tamén deberán:

- Comunicar os incidentes que se produzan do alumnado beneficiario ao Servizo Sociocomunitario e ás empresas de catering que presten o servizo.
- Presentar no Servizo Sociocomunitario, ao remate de cada mes no que foi prestado o servizo de comedor, un listado dos participantes beneficiarios na actividade de comedor escolar de xantares, segundo modelo facilitado polo Concello de Narón.

O art. 14.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia que determina o contido mínimo das Bases reguladoras da concesión das subvencións, no apartado l) di textualmente: "Se é o caso, condicións de solvencia e eficacia que teñan que reunir as entidades colaboradoras".

Tendo en conta o servizo que van prestar as entidades colaboradoras e que o pago será realizado directamente polo Concello de Narón á empresa de catering, non se lles exixirán condicións de solvencia e eficacia.

Artigo 7.- Criterios de concesión

Para determinar o importe máximo da axuda terase en conta o prezo que a Xunta de Galicia fixe por menú/día para cada curso académico. En todo caso o custe máximo para o Concello, independentemente do custe do servizo, non poderá superar os 4,5 € por neno/a diario.

A capacidade económica da unidade familiar de convivencia non poderá superar o límite de ingresos anuais establecidos na seguinte táboa, referidos ao IPREM anual vixente (incluídas as pagas extraordinarias), en función dos membros da unidade de convivencia:

Nº membros da unidade de convivencia	Tope de ingresos
2	IPREM + 40 %

3	IPREM + 60 %
4	IPREM + 80 %
5	IPREM + 100 %
6	IPREM + 120 %
7	IPREM + 140 %

A contía subvencionable axustarase ao seguinte:

- a) Se os ingresos da unidade familiar fosen iguais ou inferiores ao 75 % do tramo correspondente: 100 % da axuda.
- b) Se os ingresos da unidade familiar fosen superiores ao 75 % do tramo correspondente: 50 % da axuda.

De ter dereito á axuda, da cota resultante de aplicar o baremo correspondente, realizaranse os seguinte descontos, non acumulables:

- a) 20 % no caso de nenos/as que pertencen a familia numerosa.
- b) 20 % no caso de nenos/as que pertencen a unha familia monoparental.
- c) 20 % no caso de asistencia de algún irmán ao comedor escolar. Neste caso o desconto adicional farase a partir do segundo irmán.

Para os efectos destas axudas enténdese por "unidade de convivencia":

- a) A formada polos cónxuxes, e os seus ascendentes, dalgún deles, e descendentes, que convivan habitualmente no mesmo domicilio.
- b) Nos casos de separación legal ou divorcio, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente no mesmo domicilio.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolledores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente no mesmo domicilio.
- d) A separación transitoria motivada por razón de estudo, traballo, tratamento médicos ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.

Teranse en conta as seguintes circunstancias familiares:

- Enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor non contribúa economicamente ao seu sustento (Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia).

- Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o/a destinatario/a da axuda será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do/da menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.
- No suposto de acollemento, o/a destinatario/a da axuda será a persoa ou persoas que a teñan adxudicada por resolución administrativa ou auto xudicial.
- En ningún caso poderán ser destinatarios/as da axuda os/as proxenitores/as privados da patria potestade dos/as seus/súas fillos/as, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública, (agás os casos de acollemento familiar do apartado anterior). No caso de ter a tutela unha institución pública, os/as menores tutelados só poderán ser beneficiarios/as de axuda de comedor se se acredita que o seu centro escolar ten xornada partida e a distancia entre ese centro e a residencia de acollida non aconsella o uso do transporte escolar.

Para determinar á capacidade económica, terase en conta:

- Os ingresos de todos os membros mencionados no apartado anterior.
- A dedución dos gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constitúa o domicilio habitual.
- Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se tería en conta eses gastos.
- No caso en que a capacidade económica da unidade de convivencia experimentase unha minoración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os/as interesados/as terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente aos tres últimos meses anteriores ao de inicio de prazo de solicitudes.

Artigo 8.- Solicitud, prazo e documentación

Destinatarios/as:

As solicitudes poderanse presentar xunto coa documentación correspondente:

- Na sede electrónica.
- No Rexistro Xeral do Concello de Narón, conforme ao modelo oficial facilitado polo Concello.
- Por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de solicitude para a axuda será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no B.O.P.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fóra do prazo establecido para solicitar, ditándose resolución pola que se declarará o arquivo sen máis trámite, e que será notificada ao/á interesado/a.

Á solicitude, segundo modelo oficial facilitado polo Concello, incorporará a declaración responsable dos seguintes extremos:

- a. Que non concorren as circunstancias que se contemplan no art. 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para obter a consideración de beneficiario.
- b. Que se atopa ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social.
- c. Que non é debedor de obrigas por reintegro de subvencións.

Así mesmo coa solicitude deberán acompañar a seguinte documentación:

- a) DNI ou NIF do/a solicitante e maiores de 16 anos da unidade familiar.
- b) Declaración da renda de todos os membros da unidade familiar, maiores de 18 anos, ou, no caso de non estar obrigados a facela:
 - a. Certificado de imputación de rendas da Axencia Tributaria de todos os membros da unidade de convivencia.
 - b. No caso de pensionistas: certificado do organismo pagador acreditativo das prestacións que recibe.
 - c. No caso de desempregados: certificación do SPE acreditativa de estar en situación de desemprego, e percepción de prestación, de ser o caso.
 - d. No caso de estar traballando: contrato de traballo e das últimas dúas nóminas das persoas maiores de 16 anos que realicen actividades laborais.
- c) Declaración responsable de que non recibe outra axuda para a mesma finalidade
- d) Contrato de alugueiro ou hipoteca da vivenda habitual e recibos dos últimos tres meses
- e) Tarxeta de demanda de emprego ou de mellora de emprego das persoas maiores de 16 anos, se é o caso.
- f) Resumen dos movementos bancarios dos últimos seis meses, emitido pola entidade bancaria, de todas as contas bancarias de que son titular os membros da unidade de convivencia.
- g) Sentenza de separación / divorcio / alimentos, se é o caso, ou fotocopia dos autos das medidas provisionais ou xustificante de ter presentado a demanda.
- h) Certificado conforme o/a alumno/a figura matriculado/a no curso escolar.
- i) Xustificante do centro escolar no que se faga constar que o/a solicitante ten interese no servizo de comedor para o curso escolar.
- j) Libro de familia, e de familia numerosa, se é o caso.
- k) Acreditación de ser unha unidade familiar monoparental, se é o caso.
- l) Outros específicos requiridos polo concello segundo as circunstancias ou necesidades para a correcta valoración da solicitude.

O Concello unirá ao expediente documento acreditativo do empadramento ou de residencia.

Aqueles solicitantes que estean pendentes de formalización de matrícula por ter convocatoria extraordinaria en setembro, deberán aportar ao expediente, antes do 15 de setembro de 2019, o certificado conforme o/a alumno/a figura matriculado/a no curso Escolar.

Na solicitude deberase especificar, obrigatoriamente, os días da semana que se vai facer uso do servizo de comedor, que servirá de base para o cálculo do importe da axuda que se solicita.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, o/a solicitante das axudas deberá mencionar o número de expediente ao que deberá incorporarse dita documentación.

Entidades colaboradoras:

As entidades colaboradoras deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello o documento que acredite a aceptación como entidade colaboradora na xestión de axudas de comedor (Anexo A16).

Artigo 9.- Tramitación e resolución do procedemento

Corresponderá ao Servizo Sociocomunitario Municipal a instrución dos expedientes, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva (art. 68.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido/a da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do art. 21 da Lei 39/2015, e notificada ao interesado/a.

A cada expediente se incorporará un informe de avaliación provisional realizado polo/a Técnico/a correspondente.

Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación, serán remitidos á Comisión de Valoración, que poderá solicitar o asesoramento dos/das técnicos/as que estime necesarios e informe técnico do departamento tramitador, se así o considerase oportuno.

A Comisión de Valoración emitirá informe expresando:

- Relación de solicitantes para os que se propón a concesión, con indicación do alumno/a, porcentaxe da axuda, renda familiar, umbral de renda segundo a convocatoria, importe por debaixo do umbral, número de días semanais solicitado, importe máximo da axuda para cada período escolar do exercicio económico correspondente, e o importe máximo total da axuda.
- Relación de solicitantes para os que se propón a denegación, con indicación das causas de denegación.
- De ser o caso, relación de solicitantes que tendo dereito á bonificación, se incorporan á lista de garda por insuficiencia de crédito.

O órgano instrutor, á vista do informe da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver, e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás bonificacións.

Esta proposta de resolución conterá unha relación con todos os expedientes avaliados pola Comisión de Avaliación, e proposta das axudas no sentido que proceda (concedida, denegada, e de ser o caso, lista de agarda). Nas bonificacións concedidas constará ademais o importe da axuda que corresponda a cada exercicio económico, e o importe total máximo que se concede.

No caso de:

Concedidas: sinalarase a bonificación individual de cada beneficiario/a, o número de días semanais concedidos, o importe máximo da axuda para cada período escolar do exercicio económico correspondente, e o importe máximo total da axuda, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.

Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación.

- Non estar empadroadado/a
- Superar os ingresos
- Outras causas

Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda de menor a maior, no caso de que reunindo os requisitos para ser beneficiario/a non exista crédito orzamentario suficiente.

O órgano competente para resolver será a Alcaldía. Este, a proposta do órgano instrutor, e previo informe da Comisión de Valoración, segundo procedemento establecido na Lei 38/2013, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, acordará a aprobación, denegación, e de ser o caso, lista de agarda definitiva das axudas.

O prazo máximo para resolver será de seis meses contados a partir da data do acordo de inicio, agás que sexa necesario requirir datos aos solicitantes, e se paralice o procedemento por tal causa, nos termos establecidos no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O silencio administrativo terá carácter desestimatorio.

En todo caso, a prestación concederase en función do crédito máximo dispoñible establecido para a convocatoria. Por este motivo non será suficiente para percibir a prestación con que o/a solicitante reúna os requisitos esixidos, senón que é preciso que exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente. No caso de que o orzamento dispoñible non fora suficiente terán preferencia as solicitudes con renda familiar mais baixa.

As axudas aos/as beneficiarios/as que se atopen en lista de agarda pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario (por baixa de beneficiarios/as).

Tanto as baixas de beneficiarios/as, coma as altas que proveñan da lista de agarda, terán efectividade unha vez sexa ditada a correspondente resolución, na que se expresará a causa (baixa ou alta), o importe da axuda (ao que se renuncia, en caso de baixa, ou ao que se ten dereito, en caso de alta), e a existencia de crédito orzamentario.

Unha vez resoltas as solicitudes e recaído acordo de concesión, se remitirá a cada entidade colaboradora unha relación de todos os/as nenos/as que resultaron beneficiarios das axudas, con indicación do período, número de días semanais concedidos, tanto por cento bonificado, e do importe da axuda que lle foi concedida.

Artigo 10.- Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará formada por:

- a) A/o Concelleira/o delegada/o de Cooperación no Ensino e Bibliotecas
- b) A/o Xefa/e do Servizo Sociocomunitario
- c) Un/unha Técnico de Xestión do Servizo Sociocomunitario

Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación. A lista de concesión farase por orde inversa ao da renda da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederáse por maior número de membros da unidade familiar.

Artigo 11.- Importe e pago da axuda

Importe das axudas:

O prezo do menú do servizo será comunicado pola entidade colaboradora ao Servizo Sociocomunitario do Concello. O custe máximo para o Concello, independentemente do custe do servizo, non poderá superar os 4,5 € por neno/a diario. Será por conta das familias beneficiarias facer fronte á diferenza que exista entre a axuda concedida e o prezo do servizo.

O importe da axuda axustarase ao seguinte:

- a) Ingresos da unidade familiar igual ou inferior ao 75 % do tramo correspondente, segundo a táboa de topes de ingresos que figura no art. 7: 4,5 € servizo diario
- b) Ingresos da unidade familiar superior ao 75 % do tramo correspondente, segundo a táboa de topes de ingresos que figura no art. 7: 2,25 € servizo diario.

A axuda que se conceda será o importe do servizo por neno/a e por día, tendo en conta o período indicado na solicitude da axuda.

Pagamento das axudas:

As axudas concédense ás familias e pagaranse directamente polo Concello de Narón á empresa prestadora do servizo de catering, previa presentación e aprobación das correspondentes facturas. A empresa emitirá unha factura mensual por cada centro docente, na que se detallen os/as beneficiarios/as, o tanto por cento bonificado, o total de días de asistencia do/a beneficiario/a no mes que se está a facturar, e o importe que debe aboar o concello por cada neno/a.

O importe total do pago ordenado á empresa, por centro educativo, non poderá superar o importe das axudas concedidas correspondentes aos nenos/as que resultaron beneficiarios das mesmas, e que previamente foi comunicado a cada entidade colaboradora.

Artigo 12.- Concesión por causas sobrevidas

Poderán admitirse solicitudes fóra do prazo establecido e durante o curso escolar, cando con posterioridade á finalización de dito prazo concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Traslado de residencia ou centro escolar dende outro municipio, que será acreditado mediante a presentación de certificado escolar, inscrición no padrón municipal ou calquera outra documentación suficientemente xustificativa.
- b) Situacións de violencia de xénero, que deberá acreditarse polos Servizos Sociais do Concello de Narón.
- c) Cambios nas circunstancias laborais, económicas ou familiares que se produzan con posterioridade ao peche da convocatoria, e que deriven en cambios determinantes de risco de exclusión social. Esta situación deberá ser valorada polos Servizos Sociais do Concello de Narón.

Estas solicitudes presentadas fóra do prazo por causa sobrevida deberán cumprir os mesmos requisitos indicados nesta convocatoria para o resto de beneficiarios, e deberán ir acompañadas da documentación preceptiva.

O/a solicitante deberá acudir previamente aos Servizos Sociais do Concello de Narón para que a súa situación sexa valorada polo persoal técnico dos Servizos Sociais municipais, que emitirá informe acreditativo do cumprimento dos requisitos, que se incorporará ao expediente.

Unha vez que o/a interesado/a foi informado polo persoal dos Servizos Sociais municipais deberá presentar a solicitude cos documentos requiridos, seguindo para a súa tramitación e resolución o procedemento establecido nestas bases.

A tramitación e concesión destas axudas quedará condicionada á existencia do crédito retido para esta convocatoria. No caso de existencia dunha lista de agarda como resultado da resolución desta convocatoria, a persoa beneficiaria pasará a ocupar o último posto desta lista de agarda.

Artigo 13.- Incidentes producidos despois da resolución da convocatoria

Calquera incidente sobrevido que se produza despois da resolución da convocatoria resolverase pola Alcaldía, previa presentación da solicitude e a documentación que acredite dito incidente no Rexistro Xeral do Concello de Narón.

O traslado de centro educativo durante o curso dentro do termo municipal de Narón non suporá para o alumnado beneficiario a perda da axuda, sempre e cando se trate dun dos centros aos que se refire a presente convocatoria, e no novo centro exista dispoñibilidade de praza.

A renuncia á axuda concedida, sen prexuízo do deber de comunicalo coa debida antelación ás entidades colaboradoras prestadoras do servizo, deberá formalizarse por escrito, e poderá presentarse:

- Na sede electrónica.
- No Rexistro Xeral do Concello de Narón.
- Por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O incumprimento destes trámites poden dar lugar á revogación total ou parcial das cantidades concedidas, sen prexuízo das sancións que, de ser o caso, resulten exixibles.

Artigo 14.- Revogación e réxime sancionador

Procederá a revogación das axudas de comedor concedidas nos seguintes supostos:

- a) Non destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida
- b) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a de calquera dos deberes, requisitos, condicións e demais circunstancias que motivaron o seu outorgamento.
- c) A ocultación de información se esta motivou a concesión da axuda.
- d) A falta de asistencia inxustificada continuada e/ou intermitente ao centro escolar e ao comedor durante mais da metade dos días lectivos solicitados no mesmo mes.
- e) O incumprimento polo alumnado das normas establecidas, para o servizo de comedor, polo centro educativo ao que pertenza.

Estas circunstancias darán lugar á revogación total ou parcial das cantidades concedidas, sen prexuízo das sancións que, de ser o caso, resulten exixibles.

O requisito d) terase en conta a partires da data de notificación da resolución de concesión da axuda.

Ase mesmo, procederá o reintegro por parte do/a beneficiario/a da axuda concedida, ou da parte esgotada, cando despois de aprobada a xustificación do gasto realizado e efectuado o pago á entidade colaboradora, o Concello de Narón coñecera, por calquera medio, información que puidera alterar a resolución do expediente de concesión desta axuda.

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos art. 50 a 68 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Artigo 15.- Notificación e recursos

A resolución que conceda ou denegue a axuda será notificada ao/á solicitante, de acordo co establecido no art. 40 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta o medio de notificación indicado na solicitude polo interesado.

Na mesma indícarase ao/á interesado/a que esta información será remitida ao Rexistro Público de Subvencións, de acordo co establecido no art. 14.1.ñ) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

A resolución ditada poñerá fin á vía administrativa.

Contra o acordo que adopte a Alcaldía poderase interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes, conforme ao establecido nos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á recepción da

notificación da resolución, ou ao seguinte que se considere desestimado por silencio administrativo.

Artigo 16.- Obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas

Son obrigas dos/as beneficiarios/as destas axudas:

- a) Someterse ás actuacións de comprobación que puidera efectuarse polo órgano concedente, así coma a calquera outra actuación de verificación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes.
- b) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras axudas que financien as actividades obxecto desta convocatoria, así como a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión desta axuda. Esta comunicación efectuarase no intre en que se coñeza.
- c) Utilizar o servizo de comedor, como mínimo a metade dos días lectivos concedidos do mesmo mes, agás causas xustificadas.
- d) Comunicar ao Servizo Sociocomunitario a baixa do servizo, presentando a correspondente instancia no Rexistro Xeral do Concello, na sede electrónica, ou por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no intre en que esta se produza.
- e) O Cumprimento das normas establecidas para o funcionamento do servizo.
- f) O pagamento, por parte do/a solicitante, da diferenza, de existir, entre o prezo real do custe do servizo e a axuda percibida.

O requisito c) terase en conta a partires da data de notificación da resolución de concesión da axuda.

Artigo 17.- Normas de aplicación

En todo o non previsto nesta convocatoria, a concesión ou denegación destas axudas regularase polo disposto na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, no R.D. 887/2006 regulamento que a desenvolve, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, na Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Narón, e no Regulamento de axudas financeiras para a atención de necesidades sociais básicas do Concello de Narón.

Artigo 18.- Datos de carácter persoal

En todo o procedemento aquí regulado darase cumprimento ao establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).



Artigo 19.- Publicación do anuncio da convocatoria

A presente convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación no BOP, ademais de ser exposta na páxina web e no taboleiro de edictos. Publicarase un extracto da mesma nun xornal de difusión na comarca con indicación do obxecto e finalidade das axudas, requisitos para formular as solicitudes, lugar e prazo de presentación, e a oficina municipal onde se poden obter as solicitudes.